

# Atlas de Flora Exótica Invasora de Galicia



## *Ailanthus altissima* (Mill.) Swingle

O ailanto ou árbore do ceo é unha especie de orixe asiática que pode acadar de 20-30 metros de altura. A primeira cita para Galicia data do ano 1956 no val de Burón (Lugo). Introducida como ornamental, hoxe está presente nas beiras de estradas, ribeiras de regatos, áreas periurbanas, taludes, etc. As substancias alelopáticas que emite (impedindo a xermolación doutras especies), xunto coa súa grande capacidade de crecemento e colonización e o impacto que causa nas infraestruturas, danando alcantarillados, cimentos de edificios, etc., fai que sexa considerada como unha das 10 especies invasoras máis perigosas do mundo. A súa erradicación é máis que complicada.



Colabora no Atlas escribindo a [botanica@sghn.org](mailto:botanica@sghn.org)

[http://www.sghn.org/Seccion\\_Botanica/Seccion\\_Botanica.html](http://www.sghn.org/Seccion_Botanica/Seccion_Botanica.html)